

## AS PAISAXES AGRARIAS ESPAÑOLAS

Chamamos **paisaxe agraria** ao resultado da interacción das actividades agrícolas e gandeiras co espazo natural. O espazo agrario está composto por:

a) As **parcelas**, anacos de solo dedicados ao cultivo. Poden ser: *grandes*, cando teñen máis de 100 Ha. de extensión; *medianas*, cando teñen entre 50 e 100 Ha.; *pequenas*, cando teñen menos de 50 Ha. Segundo a forma poden ser *regulares* ou *irregulares*. De ter en conta os seus límites, podemos falar de *campos abertos (openfields)*, cando pequenas sinais indican a separación; ou *campos pechados (bocages)*, cando están separadas por muros ou sebes.

b) O **hábitat rural**, determinado polo espazo agrario que ocupan as vivendas da poboación agraria. Este pode ser *concentrado* -cando as vivendas se atopan ben próximas, formando un núcleo compacto- ou *disperso* -cando as vivendas se atopan espalladas entre si.

Unha serie de **condicionantes naturais** inflúen nas paisaxes agrarias, dos que cabe citar especialmente **clima, relevo e solos**.

O **clima** inflúe, sobre todo, en variables como a grao de humidade, a duración da estación seca, o grao de insolación ou a presenza de xeadas. A meirande parte do territorio español ten precipitacións escasas e irregulares -o que conleva a necesidade de explotación dos acuíferos subterráneos-, ás veces cun abundante número de treboadas e saraibas que contribúen a estragar as colleitas a destempo. A insolación anual, máis abundante no litoral mediterráneo, está na base da maduración temperá e do éxito da horticoltura.

O **relevo** é un factor que inflúe na distribución e forma das parcelas. A altitude, a pendente e a orientación matizan as condicións climáticas. A medida que ascendemos en altitude, os terreos soen ser máis accidentados e con menor profundidade de solo, o que dificulta o cultivo. Canto á orientación, a tradicional oposición aveseado-solleira xustifica, por exemplo, a utilización das abas orientadas cara ao Sur como preferentes para o cultivo da vide.


Os **solos** son desigualmente fertis. Moitos solos ácidos, sen aportes nitroxenados, apenas producirían. E os solos de maior fertilidade cabe contar os arxilosos, ben representados nas cuncas sedimentarias do Douro, Texo, Guadiana, Guadalquivir e Ebro.

En España distinguimos **tres dominios principais** -determinados polos condicionantes naturais- canto a paisaxes agrarias: a **España húmida atlántica**, a **España mediterránea** (cun neto contraste entre o interior e o litoral) e a **España subtropical** (circunscrita ao arquipélago canario). En cada dominio, cabe establecer contrastes entre áreas montañosas e chairas, e entre espazos de regadío e de secaño.

A **España húmida** ou *España verde* exténdese polo Norte e Noroeste peninsular, ademais de certas áreas dos Sistemas Ibérico e Central. Conta cun relevo accidentado e fragmentado, no que os espazos agrarios ocupan fondos de depresión, vales e penechairs. Este territorio caracterízase por un clima oceánico con precipitacións abundantes e escasa aridez estival, cunha suavidade térmica marcada nas zonas máis próximas ao litoral. As condicións naturais favoreceron de sempre un sistema de pequena propiedade (minifundio), con reducidas parcelas cercadas por sebes; son terreos de difícil mecanización e baixa rendibilidade. O antigo policultivo de subsistencia foi pouco a pouco substituído por hortas e forraxes (praderías, alfalfa, millo,...) para abastecer a un gando bovino predominante.

A estrutura agraria caracterízase por presentar un hábitat espallado, no que reside unha poboación avellentada. As paisaxes agrarias inclúen un variado mosaico de aproveitamentos agrícolas, gandeiros e forestais, ben mesturados no territorio. Non están ausentes as áreas de viñado como a comarca do Ribeiro, se ben a principal actividade é a gandería, de orientación láctea ou cárnica. Gañan terreo a silvicultura e a explotación forestal en terreos nos que o abandono da paisaxe é moi significativo. Nas zonas de montaña, unha gandería extensiva aproveita os abundantes pastos de altura -noutro tempo obxeto de utilización estacional con reximes de transhumancia como os dos vales asturianos e cántabros.

## PAISAXES AGRARIAS DE ESPAÑA



A **España mediterránea** ofrece un neto contraste entre o interior e o litoral. Ocupa ambas mesetas, as depresións do Ebro e Guadalquivir, o litoral mediterráneo e os sistemas montañosos deste dominio maioritario no contexto peninsular.

A *España baleira* interior, na que a emigración reduciu as densidades e provocou despoboación, é un espazo marcado por un poboamento concentrado, no que o sistema de propiedade é variado: o minifundio domina no val do Douro e nos regadíos do val do Ebro; as grandes propiedades nas dehesas salmantinas, nos secaños de Extremadura e Aragón, en Castela-A Mancha e en Andalucía.

A agricultura é a actividade predominante, cun claro contraste entre o secaño dos páramos e campiñas e o regadío dos principais vales fluviais. No secaño predomina a explotación extensiva da triloxía mediterránea (cereais -especialmente trigo-, vide e oliveira). O trigo ten sido substituído en boa parte pola cebada, e o barbeito foi reempazado por un medio barbeito que utiliza o xirasol como cultivo de descanso. Nas áreas de regadío, o aproveitamento intensivo inclúe cultivos hortícolas, froitas e plantas industriais.

A gandería, de importancia desigual, inclúe explotacións intensivas (porcino e vacuno no val do Douro), e extensivas (preferentemente porcino e ovino nas dehesas zasmorano-salmatinas e extremeñas).

A área litoral mediterránea, cun medio físico accidentado e un clima con grande seca estival, conta con variedade de modelos de poboamento e cunha propiedade moi fragmentada nas zonas de regadío. Son, precisamente, os cultivos de regadío, os de maior relevancia, produtividade e valor engadido bruto, pois boa parte destas paisaxes de horta e invernadoiros abastecen os mercados europeos de froitas e verduras, aproveitándose da vantaxe comparativa dun clima máis cálido -que favorece a maduración temperá de boa parte destes produtos.

En áreas de montaña, a gandería e a silvicultura gañan peso con respecto á agricultura.

A **España subtropical**, de claro contraste entre as terras baixas litorais e as de media altitude das áreas interiores, presenta un relevo accidentado, con solos volcánicos e clima predominantemente cálido e árido. A superficie cultivada é reducida, e a tendencia ao abandono destas actividades por mor do predominio do turismo vai á alza. Adaptarse ás condicións naturais implica grandes obras de acondicionamento (socalcos, enareados,...). A estrutura da propiedade amosa as diferenzas entre as pequenas propiedades das zonas medias e altas e as grandes explotacións dos regadíos costeiros.

Nas áreas litorais, o parcelario organízase dun xeito regularizado, con monocultivos de exportación como os plátanos e tomates. As patacas, menos esixentes canto a demanda hídrica, danse na agricultura tradicional de secaño, orientada ao autoconsumo.

Nas zonas medias e altas, a gandería ovina e caprina, escasas, complétanse cunha explotación forestal de piñeiros e laurisilva.

Por último, unha referencia esencial ás paisaxes agrarias inclúe a **estructura da propiedade**. Á tradicional **oposición minifundio-latifundio** que existe na Península (e que ten unha orixe histórica non revertida polos intentos de desamortización e reforma agraria) hai que engadir outras características que nos alonxan da estrutura da propiedade media europea:

- A **pequena dimensión media das explotacións** (10 Ha.), se ben hai grandes diferenzas entre CCAA como Extremadura e Aragón -con maior tamaño- e outras nas que o minifundio continúa sendo norma (Canarias, Galicia).
- O predominio da **explotación familiar pequena e media**, na que os vellos sistemas de explotación (parceiría, enfiteuse), complementarios da propiedade directa, desaparecen en favor do arrendamento.
- Unha tendencia xeral ao **incremento medio das explotacións**.

En todo caso, España manifesta unha estrutura da propiedade aínda moi contrastada, na que a influencia histórica do proceso de Reconquista peninsular: a medida que imos cara ao Sur acrecéntase o predominio da grande propiedade, do latifundio. Na área levantina, onde a densidade ocupacional é moi elevada -e a fertilidade do terreo tamén-, o minifundio reaparece en terreos hortícolas. Pero o minifundio sigue sendo patrimonio característico do Noroeste peninsular, xunto con Canarias, onde historicamente impregnou a súa paisaxe.